

EXPOSICIÓN DE COGOMELOS NO IES PEDREGAL DE IRIMIA



LUGAR: Biblioteca

DÍAS: mércores (4) e xoves (5) de novembro

Prégase a todos os membros da comunidade educativa que queiran colaborar traendo cogomelos para expoñer, seguir as seguintes **instrucións**:

- Os exemplares de cogomelos débense extraer coidadosamente dende a base do pé coa axuda dunha navalla ou coitelo. **Os cogomelos cortados ou rotos non serven para expoñer** xa que non amosan os caracteres da base do pé, ademais de dificultar a súa identificación.
- É preferíbel que se recollan poucos exemplares pero **en bo estado**, achegando, a ser posible, varios exemplares por especie en distintas fases de desenvolvemento (a normativa vixente para este tipo de recollida non permite coller máis de 5 exemplares por especie).
- Os cogomelos débense transportar en cestas ou en caixas. Se é posíbel separando os exemplares de cada especie con axuda de fentos, musgo, cartóns ou outros materiais que impidan que os cogomelos se esmaguen uns con outros. É conveniente situar as especies máis macizas e pesadas no fondo da cesta (como *Boletus*) e as máis delicadas por riba tendo coidado ao collelas de non romper estruturas delicadas como aneis, volvas ou outros restos de veos. Para os cogomelos pequenos e delicados ou para aqueles que polas súas características poden manchar os outros (*Lactarius*, *Coprinus*, etc.) pode ser útil envolvelas en papel de aluminio facendo paquetiños para cada grupo de exemplares dunha especie. Isto protexeraos e evitará que manchen outras especies.
- **Non recoller exemplares moi vellos, abichados ou balorecidos pois non serven para expoñer.**
- Compre lembrar na medida do posíbel o hábitat dos cogomelos máis raros (madeira ou chan, prados, bosque e tipo de bosque, etc.) onde os recollestes para facilitar a identificación posterior.
- Interesan todo tipo de especies incluídas as que atopedes en polas, restos de madeira, pinas, etc., así como especies de pequeno tamaño.
- Dada a rapidez con que se estragan os cogomelos o ideal é que se recollan o luns, aínda que algunhas especies, especialmente as de consistencia dura, poden recollese varios días antes e gardalas na neveira.

DATA DE ENTREGA DE EXEMPLARES: martes (3) de 9:00 a 9:20 h no laboratorio de Física e química.

MOITAS GRAZAS POR COLABORAR!!!!